

Cuestión 11. **A crise do XVII: aspectos socioeconómicos e políticos**

No século XVII, os Austrias Menores (Felipe III, Felipe IV e Carlos II) seguen posuíndo un vasto imperio colonial, pero a decadencia espállase en todos os ámbitos (demográfico, económico, político...), agás no cultural (florecento artístico e literario do **Século de Ouro**). A Monarquía Hispánica perde a hexemonía política europea en favor de Francia, e a súa importancia comercial é ocupada por Inglaterra e Holanda. A prolongada crise (1580-1680), especialmente dura en Castela, maniféstase reiteradamente na:

Crise demográfica. Perda de un millón de habitantes a causa da escaseza e encarecemento dos alimentos, de epidemias (peste bubónica), guerras, emigración a América e da expulsión dos mouriscos (decretada polo duque de Lerma -valido de Felipe III-, en 1609). E cambio na distribución da poboación: despoboouse o interior en beneficio da periferia e perdeu peso a poboación urbana a favor da rural.

Crise económica. A produción agraria diminuíu (malas colleitas polas alteracións do clima e descenso na produción gandeira), pero a crise foi menos intensa na área cantábrica e galega (pola introdución do millo) e na costa mediterránea. Os sectores artesanais e comerciais víronse afectados pola contracción da demanda, a suba de prezos derivada da chegada de ouro e prata americanos, o incremento de impostos, as alteracións monetarias, a mentalidade rendista dos privilexiados, a falta de innovación e competitividade e a competencia de produtos estranxeiros (que coparon os envíos a América e se fixeron coas remesas de metais preciosos. O comercio exterior, baseado na exportación de materias primas (la) e na importación de manufacturas, provocou unha balanza comercial negativa, compensada co ouro e prata americanos.

Problemas na Facenda real. A belicosa política exterior dos Austrias absorbeu os ingresos ordinarios e obrigou a recorrer a medidas extraordinarias: aumento da presión fiscal, depreciación da moeda e empréstitos da banca estranxeira (asentos). A crise económica agravou a situación e os monarcas recorreron a alterar o valor das moedas (reacuñaron moedas existentes outorgándolles un valor superior) e a amoechar grandes cantidades de moedas de vellón (aliaxe de cobre e prata), o que provocou unha forte **inflación**. Ante a imposibilidade de devolver os préstamos ós banqueiros estranxeiros, os reis decretaron varias **bancarrotas**.

Crise social. A crise económica provocou que a nobreza incrementase a presión sobre os campesiños. A débil **burguesía** abandonou os seus negocios e talleres artesanais e intentou ennobrecerse. Aumentou o número de pobres e vagabundos que vivían da esmola ou da caridade da Igrexa.

Crise política. O Conde-duque de Olivares, valido de Felipe IV, propuxo reformas para crear un Estado máis unitario e centralista e reforzar o poder do rei.

No **Gran Memorial**, enviado ó rei en 1624, propoñía a necesidade dunha maior **uniformidade na lexislación e na contribución de todos os reinos ás cargas da monarquía**, seguindo o modelo castelán (Castela soportaba daquela un 73% dos custos do imperio, a Coroa de Aragón só un 1%), un incremento da presión fiscal e unha redución dos gastos, protección á artesanía e ó comercio... As medidas propostas provocaron **motíns** contra a nova fiscalidade e as Cortes non aprobaron o novo sistema tributario.

Olivares tamén propuxo implicar a todos os reinos nos esforzos bélicos (que recaían principalmente en Castela). Na **Unión de Armas** (1626) establecía un **sistema de cotas polo que cada reino**, segundo poboación e riqueza, **debía proporcionar un número determinado de homes armados e pagos en caso de guerra**. A resistencia á creación da Unión de Armas foi moi forte na Coroa de Aragón e Portugal, que se rebelaron en 1640.

A rebelión de Cataluña. O conflito estalou no contexto da guerra contra Francia e estivo motivado polo **recrutamento forzoso**, pola entrada do exército real en Cataluña (1639) para combater ós franceses (que invadiran Rosellón) e sobre todo polo **comportamento incívico das tropas castelás**. Tras varios enfrontamentos, as desordes culminaron no **Corpus de sangue** (Barcelona, 1640) no que os rebeldes, liderados por Pau Claris, Tamarit e Margarit (vestidos de **segadors** -campesiños-) **asasinaron ó vicerrei** (o conde de Santa Coloma). Olivares reprimiu a rebelión co exército e **quixo modificar os privilexios forais**. En resposta, a Generalitat, liderada por Pau Claris, asumiu o goberno de Cataluña, solicitou axuda militar a Francia e proclamou ó rei de Francia (Luís XIII) **conde de Barcelona**. O conflito alongouse, pero a crise económica, un brote de peste, a opresión francesa (ocupación definitiva do Rosellón) e a guerra, provocaron a **rendición catalá tras a entrada das tropas de Felipe IV en Barcelona (1652)**. Tras o fin da rebelión, indultouse ós revolucionarios e o rei ratificou os privilexios forais de Cataluña.

A independencia de Portugal. A revolta portuguesa estivo propiciada pola imposición de novos impostos, que afectaban á nobreza, á Igrexa e ós ricos propietarios; pola marxinación política de Portugal e desinterese polo crecemento económico de Portugal e das súas colonias (desidia por defender o comercio do azucre portugués fronte ós holandeses) e o papel antiespañol da Igrexa portuguesa. Os nobres portugueses proclamaron rei ó duque de Bragança co nome de Xoan IV. Centrados na guerra contra Francia e en sufocar a rebelión catalá, Felipe IV e Olivares menosprezaron a revolta portuguesa e Portugal, co apoio de Francia e de Inglaterra, alcanzaría a súa independencia en 1668, baixo o reinado de Carlos II.

Na últimas décadas do século produciuse certa recuperación da produción e da poboación e as medidas deflacionarias adoptadas durante o reinado de Carlos II favoreceron a recuperación económica.